

### **Os socialistas agardan que a visita do Presidente da Xunta a Monforte “non se reduza só a un acto electoral do PP” e sirva para confirmar o aumento proposto polo PSOE de máis 3,3 millóns nos Orzamentos de 2015**

Sosteenen que a prioridade dese acto “non ten que ser só o Partido, senón as necesidades dos veciños deste municipio, e que o Goberno galego ten pendente”. É por este motivo, polo que emprazan ao titular autonómico “a non deixar pasar a oportunidade para dar un trato xusto e igualitario aos cidadáns deste concello”

Santín, Docasar, Tomé Roca e Roberto Castro fixeron estas declaracións na visita aos accesos ao Porto Seco dende a estrada que comunica coa N-120; unha das emendas presentadas polo Grupo do PSOE, xunto co enlace da plataforma loxística ata a LU-564, o arranxo do vial que vai dende a r/ Escultor Francisco Moure ata o entronque de Castro Caldelas, e a construción dunha nova EDAR e mellora do abastecemento de augas

Consideran imprescindible para o desenvolvemento do municipio que o Executivo contemple este aumento no investimento, “pois só así se poderían compensar os incumprimentos destes últimos catro anos”. Dos máis de 82 millóns que leva comprometidos dende 2010 a Xunta, ten pendentes de executar máis do 33%; o que supón que esta administración adebede a cada monfortino máis de 1.300 euros en inversións

En definitiva, afirmaron, “o que agardamos é que a Xunta nos demostre que a presenza do Sr. Conde e da Sra. Barreira serven para traer investimentos novos para esta comarca e para resolver os problemas dos cidadáns, non para crealos”

**MONFORTE DE LEMOS, 19 DE NOVEMBRO DE 2014.-** Os deputados autonómicos –Juan Carlos González Santín e Vicente Docasar-, o voceiro do PSOE en Monforte de Lemos –José Tomé Roca- e o coordinador comarcal do Partido na Zona Sur –Roberto Castro- agardan que a visita de mañá do presidente da Xunta de Galicia a este municipio para presentar a candidata do Partido Popular ás eleccións municipais de 2015 “non só se reduza a un acto meramente electoral e político e sirva para confirmar que a administración autonómica acepta, como mínimo, as emendas presentadas polo Partido Socialista aos Orzamentos do vindeiro ano para este concello”. Neste senso, sosteen que a prioridade dese acto “non ten ser só o PP, senón as necesidades dos veciños de Monforte, xa que o Goberno autonómico non está facendo o que debe”. É por este motivo, polo que emprazaron ao titular autonómico “a non deixar pasar a oportunidade para dar un trato xusto e igualitario aos cidadáns deste concello”.

Os socialistas fixeron estas declaracións no trancurso da visita realizada a unha das actuacións que están pendentes de executar polo Goberno galego, e que foron incluídas polo PSOE nas propostas presentadas. Trátase dos accesos ao Porto Seco dende a estrada de Monforte-Pobra de Brollón ata a Nacional 120. Concretamente, tal e como anunciaron González Santín e Vicente Docasar, as emendas inclúen un aumento no investimento previsto polo Exectuvo neste municipio para o vindeiro ano de preto de 3,3 millóns de euros, e están destinadas a impulsar o tecido socioeconómico e industrial do mesmo. Neste senso, ademais da indicada, cuxo incremento ascende a 800.000 euros, os socialistas engadiron o enlace da plataforma loxística ata a LU-564 (1 millón de euros), arranxo do viario de titularidade autonómica que vai dende a rúa Escultor Francisco Moure ata o entronque de Castro Caldelas (300.000 euros), e a construción dunha nova EDAR e mellora do abastecemento de augas (1.171.000 euros).

“En primeiro lugar, esperamos que o Sr. Presidente non decepcione aos monfortinos, sobre todo, porque no seu equipo hai un conselleiro deste municipio e no Parlamento tamén hai unha deputada do PP; unha circunstancia que non é menor e que, cando menos, pensamos que se debería de notar. E, en segundo lugar, tamén esperamos que a Xunta non volva a eludir a súa responsabilidade con Monforte como o fixo recentemente na Cámara, onde atribuíu a responsabilidade do funcionamento da depuradora ao concello, malia ser prometida en 2012 polo ex conselleiro de Medio Ambiente”. En definitiva, afirmaron Santín e Docasar, “o que agardamos é que a Xunta nos demostre que a presenza do Sr. Conde e da Sra. Barreira

serven para traer investimentos novos para esta comarca e para resolver os problemas dos cidadáns, non para crealos”.

### **O 33% do comprometido sen executar**

Os deputados autonómicos consideran necesario para o desenvolvemento da zona que a Xunta de Galicia aumente o seu investimento, “pois só así se poderían compensar os incumprimentos destes últimos catro anos”. E é que o Goberno da Xunta, explicou o secretario Provincial, dos máis de 82 millóns que leva comprometidos dende 2010 –primeiro Orzamento xestionado polo Partido Popular- ten pendentes de executar máis do 33%, é dicir, 27,4 millóns. Isto supón, segundo indicou González Santín, que Feijóo adebede a cada monfortino (19.486 habitantes segundo o Instituto Galego de Estatística –IGE-) máis de 1.300 euros en inversión.

“Son datos reais e que nunca antes se deron a coñecer, pero cremos que todos os veciños deben de saber. Son cifras totalmente obxectivas e extraídas unha vez que comprobamos que ningún dos proxectos impulsados pola Xunta cumpriron os prazos anunciados tanto polo seu Presidente como por distintos cargos autonómicos”. Neste senso, os socialistas fixeron especial fincapé naqueles que, supostamente, permitirían dar un forte pulo á economía local, tal e como se ratificou en diversas ocasións dende o Goberno galego. É o caso do Corredor Monforte-Sarria e dos dous accesos ao Porto Seco indicados; tres iniciativas que “nolas veñen prometendo en cada exercicio, pero nas que o Executivo incumpriu sistematicamente os obxectivos previstos”, destacou Santín.

### **Retrasos “máis que constatables”**

E é que os atrasos na execución destes proxectos son “máis que constatables”. **A Vía de Alta Capacidade**, na que administración autonómica leva comprometidos 68,7 millóns de euros, acumula un atraso de 3 anos, a pesares de que o presidente da Xunta, acompañado de altos cargos da administración autonómica, como o ex conselleiro de Infraestruturas e a Delegada Territorial en Lugo, así como por alcaldes da comarca, anunciara en xuño de 2010 durante a visita as obras que este vial estaría rematado antes de finalizase o ano 2011. A día de hoxe, e transcorridos 36 meses da data sinalada, aínda falta por rematar o 20% da obra.

Polo que respecta á **Variante Leste e conexión do Porto Seco coa N-120**, o Executivo comprometeu 13,4 millóns de euros. Neste caso, os traballos previos iniciáronse en agosto, dezaioito meses despois de que a a Delegada Territorial Raquel Arias afirmase publicamente que darían comezo.

E, finalmente, **no caso da conexión da plataforma loxística coa LU-546**, o Goberno autonómico consignou máis de 317.000 euros, pero executou cero euros. O proxecto de redacción do estudo informativo adxudicouse en 2011, pero, a día de hoxe, as obras aínda non comezaron, acumulando así unha demora de tres anos.

### **Comisaría de Monforte**

Noutra orde de cousas, Vicente Docasar tamén anunciou que vén de presentar unha Proposición non de Lei no Parlamento de Galicia, a través da que piden expresamente á Xunta de Galicia que solucione o problema da Comisaría de Policía, dirixíndose ao Ministerio para que este leve a cabo as xestións oportunas para a construción desta infraestrutura.